



***RESUMO DA MEMORIA DO
ORZAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO
EXERCICIO DE 2008***

INTRODUCCIÓN

O orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio de 2008 importa 114.527.021,01 euros en ingresos e 114.196.267,88 euros en gastos, cun superávit inicial de 330.753,13 euros.

En comparación interanual o orzamento municipal non experimenta aumento debido a que non se produce variación na presión fiscal do concello mantendo os mesmos parámetros de presión fiscal que o ano anterior e resultando dos ingresos por tributos propios, taxas e prezos públicos unha previsión que non fai posible maior recadación. Isto fai que o esforzo fiscal por habitante no concello de Santiago de Compostela sexa de 750 euros.

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO ORZAMENTO MUNICIPAL

As principais características do mesmo son: da liquidación do orzamento do 2007 obtense un aforro orzamentario que permite enxugar o déficit orzamentario que arrastraba o concello e que estaba sendo saneado cun plan financeiro que rematou o pasado ano e que reduciu o déficit a 330.753,13 euros, sendo este importe o superávit revisto para este ano.

A capacidade de endebedamento 6.340.000,00 € destínase a financiar parte do programa de investimentos por un total de 25.059.200,99 €, o que supón o 22% do orzamento.

Dado que non se eleva a presión fiscal sobre os cidadáns (hai, en todo caso, unha suba dos tributos en liña coa inflación producida e algunhas taxas relevantes non modifican a súa contía) as alzas nas previsións de ingresos, dependen da evolución positiva do volume de actuación –cando se trata de recursos de xeración autónoma- e dos compromisos de expansión das transferencias a corporacións locais tanto por parte da administración do estado como da autonómica.

Faise unha aposta pola mellora dos servizos públicos e de atención aos cidadáns, procurando o equilibrio social e territorial. A distribución dos gastos por funcións indica o peso da Producción de bens públicos de carácter social (un 35,85%), e da Protección e Promoción social, un 8,90%.

Neste exercicio, consolidamos a función de Producción de bens públicos de carácter económico, establecendo un porcentaxe de 18,65% do orzamento polo peso dos investimentos.

Entre os gastos de carácter obrigatorio que o concello presta, presenta unha mellora moi notable neste exercicio o servizo de mantemento e reposición do alumeadado público, ao que van destinados 2.495.029,17 €, limpeza viaria e lixo 10.352.800,00 €, parques e xardíns 4.589.491,22 €. En educación o concello integrase na rede de galescolas cun compromiso de gasto de 99.000,00 € para a escola de San Roque, e

os contratos de adjudicación da explotación das dúas escolas municipais por un total de preto de 500.000€.

A ampliación das partidas destinadas a Conserxes e Animadores para centros educativos e Socioculturais permitirá mellorar as condicións en que se prestan eses servizos en dous ámbitos de grande relevo social. Regularízase a contratación dos conserxes dos colexios de primaria cun contrato de 1.030.000,00 euros.

Tamén vai funcionar plenamente o servizo de transporte urbano de viaxeiros. Este orzamento contén un crédito de 3.177.330,00 € para atender o servizo de transporte urbano da cidade para facer realidade un servizo integral aos cidadáns no termo municipal en igualdade de condicións.

A función de produción de infraestruturas absorbe máis de 18 millóns de euros. Continuarán os esforzos dirixidos á urbanizacións de barrios e rural por 2.000.000,00 € e 1.400.000,00 € destinados o convenio ca Consellería de Ordenación do Territorio para mellora dos viais da cidade.

Para o convenio ca Consellería de Medio Ambiente destínanse 900.000,00 € para a mellora da rede de saneamento de núcleos rurais.

Por outra banda destacar a boa marcha da empresa municipal EMUVISSA cunha previsión de gasto por urbanización de solo por importe de 11.782.770,12 €.

1. OS INGRESOS

A previsión de ingresos para o presente orzamento e un pouco menor ca do ano anterior.

- ? O Capítulo I, Impostos directos, aumenta nun 7.48%. Todos os impostos ven aumentar as súas previsións. No Imposto sobre Bens Inmóveis nunha postura de prudencia leva a este goberno a estimar unha cantidade de 20.175.000,00 € (un 1,6% menos). En IVTM prevese un incremento de 4,6% e no IAE un 4%. Experimentan un nido ascenso as previsións do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos pola normalización das actuacións municipais na materia e a boa marcha das actuacións inspectoras, que xa tiveron un notable éxito no ano 2007.
- ? Capítulo II, Impostos indirectos, aumenta un 43.40%. Este notable incremento derivase da aplicación da normativa contable orzamentaria respecto da participación nos ingresos do estado. En realidade o incremento do capítulo está fundamentalmente na conta do imposto sobre construcións para o que prevese un incremento do 2,4%.
- ? Capítulo III, Taxas e outros ingresos, diminúen un 9.51%. As cotas de urbanización evolucionan de xeito moi marcado á alza (pasan de 10,7 a 11,8 millóns de euros. EMUVISSA será finalmente a maior destinataria de estes ingresos, que aplicará integramente a desenvolver polígonos de carácter residencial ou industrial). A razón desta diminución respecto do ano anterior esta en que no actual orzamento prevese que toda a realización por

aproveitamento urbanístico virá vía enaxenación de inversións reais, cando, a diferenza do pasado ano si había previsto unha parte pola vía de ingreso dinerario. En realidade a variación deste capítulo é do 10% positiva. As Licencias Urbanísticas, rexistran un considerable incremento na previsión debido a entrada en vigor do decreto hábitat o 30 de abril que provocou unha avalancha de solicitudes de licenza, sendo o incremento previsto do 20% e tamén en consecuencia un incremento do ICIO por importe de 3,1% .

- ? O Capítulo IV recolle unha diminución do 5.63%, en parte produto da aplicación da norma de contabilización orzamentaria que referimos para o capítulo 2. Neste capítulo e destacable reseñar a diminución da compensación por IAE e o incremento en 400.000€ da achega do programa galego de cooperación local. Diminúen as transferencias por transporte en 120.000,00€ e aumenta a achega da xunta de Galicia polo estatuto da capitalidade en 90.000€.
- ? O capítulo V, Ingresos Patrimoniais, ascende a 0,67 millóns de euros.
- ? O capítulo VI, Alleamento de Investimentos reais, aparece por importe de 8.130.732.32 € de acordo co desglose do anexo correspondente. Estes fondos, sometidos a unha regulación específica, financian actuacións de investimento, de acordo co anexo de investimentos e cadro de financiamento.
- ? No capítulo VII, Transferencias de capital, pola cantidade de 2.106.637.83€ recollen as transferencias da comunidade autónoma para inversións en Galescolas, pavillón polideportivo de Fontiñas, infraestruturas viarias e remodelación do mercado de abastos.
- ? Por último, no capítulo IX, Variación de pasivos financeiros, inclúese a previsión dun crédito de 6,3 millóns de euros para acometer novos investimentos.

2. OS GASTOS

No capítulo I, Gastos de Persoal, a previsión é de 31.242.444,16. Inclúe o conxunto das retribucións do Persoal Funcionario e Laboral e dos membros da Corporación, así como os gastos de Seguridade Social, asistencia médico-farmacéutica dos funcionarios non integrados na Seguridade Social, así como os fondos de acción social, formación, plus de transporte, antigüidade e asistencia a comisionados e plenos.

O aumento presupostado é o previsto na lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008: 2%, máis un fondo adicional do 1% da masa salarial para permitir a funcionarios e laborais a progresiva incorporación do complemento específico de acordo ca lei de presupostos. O elevado complemento específico, en termos relativos con outras administracións, obrigará a un esforzo adicional, que tamén se presuposta, e queda a súa aplicación concreta pendente da negociación cos representantes dos traballadores, para conseguir esa plena incorporación do específico nas pagas

extraordinarias no prazo próximos anos. Os cambios máis destacados son os seguintes:

1. No Cadro de Persoal. A Lei de Orzamentos mantén a obriga de limitarse á plena reposición de efectivos, deixando en todo caso á marxe a Policías Municipais e Bombeiros. Consecuentemente con esta limitación o Concello de Santiago, a proposta da concelleira delegada de persoal inclúe 21 prazas que se relacionan no informe anexo do cadro de persoal.

2. Destínanse tamén recursos para promocións internas, cumprimento de sentencias e outras modificacións con contido orzamentario, de acordo coa proposta da Concelleira de Persoal e Réxime interior.

3. Ampliáase a partida para contratacións laborais temporais, en parte financiados con programas específicos doutras administracións, para atender necesidades urxentes.

4. Axústanse as previsións para horas extraordinarias, formación, fondo de acción social así como as cantidades destinadas ao complemento de produtividade, para facer efectivos os acordos adoptados coa Xunta de Persoal e o Comité de Empresa.

5.- En aplicación da lei 57/2003 de modernización do goberno local, que modifica o artigo 130 da lei reguladora das bases de réxime local o concello dotase dun equipo de profesionais para reforzar a súa capacidade para facer fronte as complexas demandas da sociedade. O propio Estatuto da Capitalidade de Santiago establece no seu artigo 9 a creación de áreas funcionais de goberno dirixidas por directores de area. Estes directores constitúen o nivel superior da estrutura organizativa da area, sendo seis as prazas que se crean neste nivel.

O Capítulo II, Gastos en bens correntes e servizos, experimenta un incremento dun 13.80%.

O Capítulo III, Xuros, incrementábase un 21.17% até os 4.3 millóns de euros.

O Capítulo IV, Transferencias Correntes, experimenta un ascenso do 15.09% até os 9.6 millóns de euros.

O Capítulo VI, Investimentos Reais, sitúase en 25 millóns de euros.

O Capítulo VII, Transferencias de Capital, sitúase en 3.4 millóns de euros.

O Capítulo VIII, Variación de Activos financeiros, diminúese en 172.000 millóns de euros.

O capítulo IX Variación de Pasivos financeiros, importa 6,3 millóns de euros para a amortización das operacións de endebedamento a longo prazo existentes.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2008

ASDO.: ANDRÉS FARIÑA CADENAS
CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA